

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN RELACIÓN COS GASTOS DE LIMPEZA DOS CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González actuando en nome e representación da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean aos titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, que actúa para este acto en representación desta, en virtude do disposto nos artigos 44 e 46.1 dos seus estatutos.

Ambas as dúas partes interveñen en nome das institucións que representan, no exercicio das facultades que ostentan polos seus cargos e recoñécense mutuamente a capacidade legal para o outorgamento e sinatura deste convenio e, polo tanto,

EXPOÑEN

I. Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, de acordo co establecido no artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, e no artigo 1 do Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, ten atribuídas as competencias en materia de educación.

II. Que os concellos, de conformidade co disposto no artigo 25.2 n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, teñen competencias, nos termos da lexislación do estado e das comunidades autónomas, entre outras materias, na conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial.

III. Que o parágrafo segundo da disposición adicional décimo quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que a conservación, o mantemento e a vixilancia dos edificios

destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial, corresponderán ao municipio respectivo. Estes edificios non se poderán destinar a outros servizos ou finalidades sen autorización previa da administración educativa correspondente. Porén, a dita norma tamén prevé que as administracións educativas poderán establecer procedementos e instrumentos para favorecer e estimular a xestión conxunta coas administracións locais e a colaboración entre centros educativos e administracións públicas, e no que se refire ás corporacións locais, estableceranse procedementos de consulta e colaboración coas súas federacións ou agrupacións máis representativas.

IV. Que a Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante FEGAMP) é a entidade asociativa que, segundo os seus estatutos constitutivos, representa e defende os intereses das entidades locais asociadas.

Así mesmo, de acordo coa disposición transitoria terceira da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, a FEGAMP está recoñecida polos concellos como a entidade asociativa máis representativa e maioritaria, e ten as facultades establecidas nesa lei e as derivadas da súa representatividade.

V. Que de acordo co recollido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos seus artigos 9 e 13, terá a consideración de entidade colaboradora aquela que, actuando en nome e por conta do órgano cedente, para todos os efectos relacionados coa subvención lles entregue e distribúa os fondos públicos aos beneficiarios, cando así se estableza nas bases reguladoras. Para isto, formalizarase un convenio de colaboración entre o órgano administrativo cedente e a entidade colaboradora, considerándose á FEGAMP, para os efectos deste convenio, como entidade colaboradora da Xunta de Galicia, na súa calidade de entidade representativa da totalidade de concellos e deputacións provinciais de Galicia.

VI. Que o 20 de xaneiro de 2006 asinou o acordo entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP, polo que se establece o contido e desenvolvemento do pacto local que rexerá na Comunidade Autónoma Galega.

VII. Que na cláusula 1.e) do devandito acordo, contéplase a creación dunha Comisión mixta paritaria, encargada de elaborar as propostas sobre fórmulas que permitan que a Xunta de Galicia asuma os custos económicos que soportan os concellos, derivados do mantemento de certos centros escolares.

VIII. Que con data do 15 de marzo de 2006 quedou constituída esa Comisión mixta, integrada por cinco representantes da Consellería e cinco representantes da FEGAMP.

IX. Que na reunión mantida en xullo de 2006, a devandita Comisión mixta iniciou o estudo dos gastos a que se fai referencia no Acordo de desenvolvemento do Pacto Local, co obxecto de formular unha posterior proposta, rematando o proceso de estudo e debate coas conclusións acadadas con data do 26 de maio de 2007, no relativo á asunción de competencias en materia de gasóleo de calefacción dos centros de educación infantil e primaria (en adiante CEIPs) e dos centros públicos integrados (CPIs) e de limpeza dos CPIs.

X. Que a partir do 1 de setembro de 2007 a Xunta de Galicia asumiu os gastos derivados da subministración do gasóleo de calefacción dos CEIPs, e idénticos gastos dos CPIs, dende o 1 de xaneiro de 2008.

XI. Que con data do 9 de xaneiro de 2008, asinouse un acordo marco entre a Consellería de Educación e a Fegamp para o desenvolvemento do pacto local en materia de educación, acordando que a partir do 1 de xaneiro de 2008, sería a Consellería de Educación a que asumiría os gastos derivados do servizo de limpeza dos CPIs, cando os mesmos se viñesen prestando mediante a súa contratación cunha empresa de servizos, previa adhesión do respectivo concello ao citado acordo marco.

XII. Que a singularidade das achegas subvencionais articuladas mediante este convenio, así como as razóns de interese público incuestionable que o animan, xunto coa dificultade e inconveniencia substancial da súa convocatoria pública, satisfán o requisito esixido polo artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

XIII. Que toda vez que os concellos que se identifican no anexo i deste convenio non se adheriron ao acordo marco asinado coa FEGAMP o 9 de xaneiro de 2008, as partes signatarias deste convenio son conscientes da importancia que para o desenvolvemento do sistema educativo ten a actuación coordinada de ambas as dúas administracións públicas, e coinciden na conveniencia de xuntar os seus esforzos na procura da optimización do uso dos medios materiais e da eficacia na súa xestión.

Polo exposto, manifestan a súa vontade de subscribir este convenio, coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por finalidade fixar a distribución das obrigas económicas da administración educativa e das corporacións locais nos gastos de limpeza dos CPIs de Galicia que se detallan no anexo I, cando este servizo se asume e presta polo respectivo concello.

A individualización e o detalle de tales obrigas inclúese no Anexo I a este convenio, entendéndose como beneficiarios das axudas aos concellos, representados pola FEGAMP neste convenio, todo isto de conformidade co preceptuado na disposición adicional décimo quinta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e no Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanza non universitarias.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivesen incorrido as entidades locais destinatarias, como consecuencia da adquisición de obrigas acordes co obxecto do convenio, aínda que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

A FEGAMP, como entidade asociativa representativa das entidades locais de Galicia e integrante da Comisión Galega de Cooperación Local, encádrase no suposto establecido na disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, configurándose como entidade colaboradora da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades segundo o establecido no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segunda. Achegas económicas

As administración locais son as encargadas de xestionar, dirixir e planificar os servizos de limpeza das instalacións dos centros, e actuando a FEGAMP como representante destas, transferirase á Federación unha achega máxima de **seiscentos cincuenta e oito mil oitocentos sesenta e catro euros (658.864,00 €)** para a súa distribución nas contías que se determinan no Anexo I entre os diferentes concellos, con cargo á aplicación orzamentaria **37.01.423A 460.1** (cod. Proxecto 2015 00390) dos orzamentos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para o ano 2024.

Para establecer o importe máximo ao que ascenderá a achega económica a efectuar pola administración autonómica tómase como referencia de partida o importe ao que ascendía a achega da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ao respectivo concello no convenio de colaboración asinado para o exercicio 2023, en concepto de cofinanciamento de gastos de funcionamento dos correspondentes centros docentes de titularidade municipal existentes en cada un deles.

Así pois, a cantidade resultante de 658.864,00 € constitúe o importe máximo que a Consellería pode asumir en concepto de cofinanciamento dos gastos de limpeza dos CPIs xestionados polos concellos con persoal propio.

A anterior contía será minorada naqueles importes que as administracións locais representadas neste convenio non logren xustificar antes da data de finalización da vixencia do convenio.

As corporacións municipais encargaranse da xestión, control e pagamento dos servizos de limpeza dos centros.

Os gastos de limpeza das instalacións dos centros educativos que excedan do importe establecido neste convenio serán asumidos polos concellos.

Terceira. Natureza das achegas económicas

A participación económica correspondente á administración educativa, terá a consideración de subvención directa pola especificidade das características que deben cumprir as entidades beneficiarias (concellos) e a actividade ou destino da subvención, polo que o presente convenio se tramita ao abeiro dos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Cuarta. Obrigas da FEGAMP

Correspóndelle á FEGAMP na súa condición de entidade colaboradora:

- a) Entregarlles aos concellos beneficiarios os fondos recibidos de acordo coas contías máximas previstas neste convenio e, en todo caso, polo importe xustificado por aqueles, nun prazo máximo de 15 días dende o libramento por parte da Consellería.
- b) Comprobar o cumprimento e a efectividade das condicións e dos requisitos aos que se obrigan os concellos, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade deste convenio.

c) Xustificar a entrega dos fondos percibidos ante a Consellería, así como entregarlle as xustificacións presentadas polos concellos antes da finalización do prazo de duración do convenio.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que respecto da xestión dos devanditos fondos poida efectuar a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional , así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais coma comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

A sinatura deste convenio suporá o outorgamento de consentimento expreso da FEGAMP á Xunta de Galicia para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co sinalado na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, que regula os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Exímese expresamente á FEGAMP de constituír a favor da Consellería as medidas de garantía previstas no artigo 13.2 d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 72 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei, por consideralas innecesarias neste caso.

Igualmente, de conformidade coa previsión establecida no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, previa autorización polo Consello da Xunta de Galicia, exímese aos concellos beneficiarios das axudas previstas neste convenio do deber de remitir ao Consello de Contas as contas xerais do exercicio, dado que, a non concesión da subvención podería afectar ao normal desenvolvemento do servizo público esencial educativo.

Quinta. Obrigas dos concellos

Os concellos beneficiarios deste acordo comprométense a:

1. Destinar as achegas económicas recibidas a través deste convenio a sufragar os gastos que se ocasionen ou tivesen ocasionado neste exercicio, como consecuencia da realización da limpeza dos centros educativos.

2. Presentar logo da sinatura do convenio:

- a) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Declaración xurada na que conste o compromiso de cumprimento das obrigas contempladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Comunicar no momento en que se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as mesmas actividades.
- d) Xustificar a realización da actividade que fundamenta a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, así como o emprego das contías subvencionadas antes do 28 de decembro de 2024.

A dita conta xustificativa conterá:

1º Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:

O cumprimento da finalidade da subvención.

Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada.

2º Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa orixe.

A Documentación xustificativa presentarse na FEGAMP de forma electrónica

Unha vez comprobada a documentación pola FEGAMP, esta procederá á súa remisión de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia dirixida á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (<http://sede.xunta.gal>).

e) Someterse ás actuacións de comprobación que, respecto da xestión dos devanditos fondos, poida efectuar a Consellería ou a FEGAMP, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais como comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Sexta. Réxime de pagamentos

A Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional librará á FEGAMP, no prazo de 10 días desde a emisión da certificación, as cantidades xustificadas polo concellos correspondentes ás actividades obxecto do convenio, en todo caso, no actual exercicio orzamentario.

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 desa Lei, as entidades comprométense a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora segundo o procedemento establecido no artigo 37 da mesma norma legal e no artigo 77 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Sétima. Comisión paritaria de interpretación e seguimento

Para a coordinación, o seguimento e a interpretación das actuacións derivadas deste convenio, crearase unha Comisión mixta que estará integrada polos seguintes membros:

Tres representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Tres representantes dos concellos (un por cada categoría de municipios) designados pola FEGAMP.

A presidencia desta Comisión de seguimento será desempeñada pola persoa nomeada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional de entre os membros que a compoñen.

Oitava. Exoneración de responsabilidades

A sinatura deste convenio non implicará relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas nel e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito

que, a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Novena. Natureza xurídica, réxime xurídico aplicable e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.1.

En canto aos seus efectos rexerase polo establecido nas súas cláusulas, de acordo co disposto no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución, da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décima. Vixencia do convenio

Este convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Sen embargo, as achegas económicas que se dean aos concellos poderán atender gastos contraídos dende o 1 de xaneiro do ano en curso.

Décimo primeira. Denuncia, causas de resolución e modificación

1. A denuncia do convenio, por calquera das partes, deberá realizarse mediante comunicación escrita e motivada dirixida á Comisión de seguimento.

2. Serán causas de resolución:

- a) O remate do prazo previsto para a súa vixencia.
- b) A denuncia formal e motivada de calquera das partes.
- c) O incumprimento das obrigas derivadas deste convenio.
- d) O mutuo acordo entre as partes asinantes do convenio.
- e) A aplicación dos fondos outorgados a fins distintos dos que motivaron a concesión.
- f) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
- g) Cando, por causa de forza maior, as partes, ou unha delas, se vexa imposibilitada para continuar o cumprimento do convenio.
- h) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

3. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Consellería, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décimo segunda. Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

O convenio será obxecto de inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos

artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio será comunicado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

De conformidade co previsto no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información e bo goberno, os asinantes do convenio autorizan expresamente a publicación dos seus datos persoais no Portal de transparencia e Goberno aberto e no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo terceira. Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) xeral de protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo cuarta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

En proba de conformidade, asínase este convenio na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación,Ciencia
Universidades e Formación Profesional
P.D. (Orde do 05.06.2024)
O secretario xeral técnico

O presidente da FEGAMP

Manuel Vila López

Alberto Varela Paz

ANEXO I: IMPORTES CONVENIO 2024

CONCELLO	CIF	CPI	IMPORTES
BERGONDO	P1500800F	CPI DE CRUZ DO SAR	19.011,38 €
BOQUEIXÓN	P1501200H	CPI ANTONIO ORZA COUTO	32.462,46 €
CARRAL	P1502100I	CPI VICENTE OTERO VALCÁRCEL	22.292,78 €
CERCEDA	P1502400C	CPI O CRUCE	16.302,54 €
DODRO	P1503300D	CPI EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN	26.404,97 €
FENE	P1503600G	CPI A XUNQUEIRA	22.245,24 €
MAZARICOS	P1504600F	CPI DA PICOTA	14.445,32 €
MESÍA	P1504800B	CPI DE XANCEDA	16.547,16 €
MONFERO	P1505100F	CPI VIRXE DA CELA	17.379,65 €
ROIS	P1507500E	CPI DOS DICES	6.136,91 €
VAL DO DUBRA	P1508900F	CPI DE BEMBIBRE	11.092,81 €
VEDRA	P1509000D	CPI DE VEDRA	17.921,23 €
BARALLA	P2703600C	CPI LUÍS DÍAZ MORENO	19.186,75 €
CASTROVERDE	P2701100F	CPI DE CASTROVERDE	15.958,49 €
CERVANTES	P2701200D	CPI DE CERVANTES	6.147,46 €

CONCELLO	CIF	CPI	IMPORTES
COSPEITO	P2701500G	CPI VIRXE DO MONTE	19.041,15 €
FOLGOSO DO CAUREL	P2701700C	CPI DE SEOANE	12.307,93 €
GUNTIN DE PALLARES	P2702300A	CPI TINO GRANDÍO	19.655,99 €
PEDRAFITA DO CEBREIRO	P2704500D	CPI UXÍO NOVONEIRA	9.184,13 €
TABOADA	P2706000C	CPI SAN TOMÉ DE CARBALLO	21.122,41 €
CARBALLEDA DE VAL	P3201800D	CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA	20.251,04 €
CASTRO CALDELAS	P3202400B	CPI VIRXE DOS REMEDIOS	9.652,13 €
COLES	P3202700E	CPI ANTONIO FAILDE	26.650,90 €
GUDIÑA, A	P3203500H	CPI LAUREANO PRIETO	15.907,20 €
MASIDE	P3204600E	CPI DE MASIDE	16.985,84 €
PADRENDA	P3205700B	CPI DE PADRENDA-CRESPOS	16.570,96 €
SAN CRISTOVO DE CEA	P3207700J	CPI VIRXE DA SALETA	21.171,55 €
CAÑIZA A	P3600900I	CPI DA CAÑIZA	43.161,65 €
PAZOS DE BORBÉN	P3603700J	CPI CURROS ENRÍQUEZ	23.050,24 €
PONTECESURES	P3604400F	CPI DE PONTECESURES	19.054,08 €
PORTAS	P3604000D	CPI DOMINGO FONTÁN	21.930,22 €
RIBADUMIA	P3604600A	CPI JULIA BECERRA MALVAR	24.935,39 €
ROSAL, O	P3604800G	CPI MANUEL SUÁREZ MARQUIER	31.774,33 €
VILABOA	P3605800F	CPI DO TOURAL	22.922,54 €

TOTAL

658.864,00 €